



A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente, en substitución da ordinaria, de 30 de xullo de 2026, adoptou, entre outros, o seguinte ACORDO:

12.- Expte 2026002154.- Convocatoria en réxime de concorrencia competitiva de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro en materia de servizos sociais para o exercicio 2026.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes, acordou:

Primeiro.- Aprobar as bases xerais reguladoras cos códigos CSV: 9DB9ARKRHZQO6697 (versión castelán) e A13WKONIK62FG3XL (versión galega) para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva a asociacións e entidades sen ánimo de lucro en materia de servizos sociais do Concello de Ourense.

Segundo.- Ordenar a publicación das Bases xerais reguladoras indicadas no ordinal anterior no Boletín Oficial da Provincia para o seu xeral coñecemento e efectos, así como na páxina web www.ourense.gal

Terceiro.- Aprobar a convocatoria para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva a asociacións e entidades sen ánimo de lucro en materia de servizos sociais do Concello de Ourense correspondente ao exercicio 2026.

Cuarto.- Aprobar o gasto desta convocatoria con cargo á aplicación orzamentaria “Convocatoria anual de subvencións. Benestar Social”, partida 260.2318.48900, pola contía de 325.000,00€ (trescentos vinte e cinco mil euros), do orzamento municipal correspondente ao ano 2026, co RC 202600003857, con data de 23.02.2026.

Quinto.- Remitirle á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) un extracto da convocatoria para a súa publicación no BOP de Ourense, co seguinte contido:

EXTRACTO DO ACORDO DA CONVOCATORIA PÚBLICA EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DE SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS PARA O EXERCICIO 2026 (Exp.: 2026002154).

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b. e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index>):

Primeiro. Destinatarios

Son destinatarios desta convocatoria, nos termos do artigo 3 das Bases reguladoras, as asociacións e entidade con personalidade xurídica, validamente constituídas e sin ánimo de lucro, que realicen actividades de prestación de servizos sociais no termo municipal de Ourense e cumpran – na data de presentación da solicitude - os seguintes requisitos:





Concello de **OURENSE**

a) Os requisitos para a obtención de subvencións establecidos con carácter xeral nos artigos 11 e 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, 8 e 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, así como na Ordenanza municipal de subvencións do Concello de Ourense.

b) Ter o seu domicilio social no municipio de Ourense, ou, alternativamente, dispoñer no municipio de Ourense dun centro de atención ás persoas usuarias do programa de actividades con horario de apertura coñecido e accesible para atención presencial. Non se considerará válido a estes efectos o uso meramente puntual ou ocasional de instalacións alleas, debendo o centro de atención estar dispoñible e operativo durante todo o período de execución do programa.

A estes efectos, se considerará domicilio social o que conste nos estatutos sociais ou instrumento xurídico análogo da entidade. En ningún caso se considerarán como domicilio social os locais municipais que puideran ser obxecto de cesión temporal co desenvolvemento do programa de actividades para a que se solicita a subvención.

A acreditación na solicitude de dispoñer dun centro de atención ás persoas usuarias do programa de actividades para o que se solicita subvención se realizará mediante calquera medio de proba admisible en Dereito, podendo aportarse datos que consten no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia ou, no seu caso, unha declaración responsable do representante legal da entidade solicitante.

c) Que teñan como obxecto social principal a prestación de servizos sociais dirixidos a persoas colectivos en situación de vulnerabilidade social.

d) Que estean inscritas no Rexistro Único de Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) dependente da Xunta de Galicia.

e) Que consten inscritas (ou acrediten ter solicitado a súa inscrición na data de presentación da solicitude) no Rexistro municipal de asociacións (no caso de asociacións); no Rexistro de Fundacións estatal ou autonómico (no caso de fundacións); ou no Rexistro de Cooperativas de Galicia, no caso de sociedades cooperativas de iniciativa social, acreditando o seu carácter de cooperativa de iniciativa social e a non distribución dos excedentes ou o seu reintegro obrigatorio na actividade social.

Segundo. Obxecto

Constitúe o obxecto destas bases a regulación, no marco e ao amparo das normas de tramitación, concesión e xustificación de subvencións establecidas pola Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ourense (BOP de 9 de xulio de 2005), do procedemento de concesión de subvencións, en rexime de concorrencia competitiva, destinadas a financiar programas de actividades de prestación de servizos sociais promovidos por entidades sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que se trate de programas de actividades dirixidos de forma prioritaria a persoas ou colectivos en situación de vulnerabilidade social.

b) Que se trate de programas de actividades que se realicen no termo municipal de Ourense.

Terceiro. Bases reguladoras

As bases reguladoras estarán a disposición dos interesados na páxina web do Concello de Ourense www.ourense.gal.





Concello de
OURENSE

Cuarto. Contía

A concesión das subvencións desta convocatoria será atendida con cargo á partida orzamentaria 260 2318 48900 “Convocatoria anual de subvencións de Benestar Social” do orzamento municipal para o exercicio económico 2026 na contía de trescentos vinte e cinco mil euros (325.000,00).

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse, no modelo normalizado Anexo I, a través do Rexistro Electrónico do Concello de Ourense, ou en calquera dos rexistros previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sempre e cando esta presentación se realice de forma electrónica e non presencial. O emprego de medios electrónicos para a presentación da solicitude ten carácter obrigatorio conforme ao artigo 14.2.a) da citada Lei 39/2015, polo que se non se admitirá a trámite ningunha solicitude que se presente por outros medios. O prazo de presentación será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Ourense, na data da sinatura electrónica.
A CONCELLEIRA-SECRETARIA,

Tamara Silva Cid

